

1.- **Jacobo** Portela (8-10-2008)

Grupo: **ABBA**

Álbum: **Musical de Mamma Mia**

Canción: **Mamma Mia**

Media das notas outorgadas á canción: **6,047**



-**Pablo**: Esta canción ten un puntíño que te convida a bailar, ademais é moi coñecida.

-**Elena**: É un clásico de sempre, foi unha das mellores e máis coñecidas do seu tempo.

-**Sara Trabazo**: Agora xa estou máis convencida de ver esta película, entramos na clase medio durmidos e ao empezar xa nos espabilamos.

-**Raquel**: A canción gústame, xa que é un clásico, e encántame moito máis en inglés.

-**Laura**: Lémbreme aos vellos tempos en que J.,ST e mais eu a cantabamos e interpretabamos cada dous por tres.

-**Ester**: A canción é superalegre, xa a escoitara antes e encántame.

-**Bárbara**: a canción ten un bo ritmo, é animada e divertida e non se fai pesada aínda que ten xa uns cantos anos.

[youtube](#)

2.- **Laura** Pena (15-10-2008)

Grupo: **The Script**

Álbum: **The man who can't be moved**

Canción: **The man who can't be moved**

Media das notas outorgadas á canción: **8,142**



-**Pablo**: un ritmo que enganxa, unha letra pegadiza (aínda que estea en inglés) e un son agradable para o oído.

-**Blanca**: Creo que é unha canción moi bonita e que fala dun mozo que agarda ata que apareza a moza.

-**Sara Trabazo**: A canción sen dúbida é preciosa... eu xa a coñecía.

-**Raquel**: Esta canción nunca na miña vida a escoitei e agora gústame moitísimo.

-**María Otero**: A canción paréceme preciosa, ademais agora xa sei de que trata o tema e gústame máis aínda.

-**Andrea**: a canción gústame moitísimo, é unha das miñas preferidas, é preciosa.

-**Irea**: A canción, lenta pero bonita, gustoume, xa a escoitara en anuncios mais nunca reparara nela.

[youtube](#)

3.- Sara Tobío (22-10-2008)

Grupo: **Deluxe**

Álbum: **Fin de un viaje infinito**

Canción: **Amor valiente**

Media das notas outorgadas á canción: **6,909**



-**Andrea**: Non está mal, o que máis me gustou foi a letra.

-**Jacobo**: Entendo o que di e transmíteme sentimentos, o cantante é coma se chorase por alguén ou polo amor.

-**Blanca**: É unha canción moi bonita e ben elixida, pero non a todo o mundo lle gusta o grupo.

-**Sara Tobío**: Coñezo a canción, é moi bonita, a música é lenta e a voz do cantante a complementa perfectamente.

-**Raquel**: Gustoume moito, a letra parécese moi profunda, como se o cantante a escribira de algo que lle sucedeu.

-**María Otero**: a canción gústame moitísimo aínda que é complicado baixarse unha versión que soe ben.

-**Irea**: A letra desta canción é moi bonita e gustáronme os solistas de harmónica.

[youtube](#)

4.- Mar Serrano (28-10-2008)

Grupo: **Nacha Pop**

Canción: **Chica de ayer**

Media das notas outorgadas á canción: **7,777**



-**Jacobo**: A canción fai sentir cousas (nostalxia...) e iso é algo que me gusta nas cancións, que che fagan sentir algo.

-**Blanca**: É unha canción mítica que moitísimos músicos versionaron, unha canción xuvenil e moi bonita.

-**Sara Tobío**: Lémbreme a miña infancia, miña nai cantaba a canción a miúdo. Tráeme bos recordos.

-**María Pérez**: A canción é moi coñecida, xa a escoitara moitas veces, todo o mundo a tatarou algunha vez.

-**Alejandra**: Este tema é precioso, Mar escolleu moi ben este tema. Que estaba entre as miñas opcións.

-**Cristina**: Esta canción é xenial, lémbreme a cando eu era pequena.

-**Lucía**: Canción escoitada por bastante xente (pais e nais, é da súa época).

[youtube](#)

5.- **Blanca Rodríguez** (5-11-2008)

Grupo: **Sidonie e Pereza**

Canción: **Niña de papá**

Media das notas outorgadas á canción: **6,963**



-**Elena**: Ten un bo ritmo e letra bonita. Pereza é un bo grupo.

-**Alexandra**: A canción é movidiña e entretida, non estivo mal.

-**Mar**: Outra canción que me gusta, só a escoitara na voz de Pereza, mais esta é dobremente mellor.

-**María Pérez**: A canción non a coñecía e tampouco o grupo, Pereza si. Non está mal.

-**Alejandra**: Non coñecía nada a este grupo barcelonés. A Pereza sen embargo o coñezo moi ben, gústanme algunhas das súas cancións.

-**Sara Astor**: Non coñecía o grupo de Sidonie . Pereza é un bo grupo e ten cancións bastante bonitas.

-**Lucía**: Esta canción é fascinante e tráeme moi bos recordos, sen dúbida ningunha.

[youtube](#)

6.- **Sara Astor** (12-11-2008)

Grupo: **Matchbox 20**

Álbum: **Exile on main mainstream**

Canción: **How Far we've come**

Media das notas outorgadas á canción: **8,518**



-**Pablo**: Simplemente espléndida. Xa me dei conta de que me gustaría ao principio cando o batería con ese ritmo tan pegadizo.

-**Alexandra**: Gustoume!. Nunca escoitara eta canción nin coñecía ao grupo. É o tipo de música que me gusta.

-**Mar**: Parécese que está moi ben, tamén me serviu para coñecer un pouco máis ao grupo e escoitar algunhas das súas cancións.

-**María Pérez**: Ao chegar á casa penso descargarme esta canción e mirar máis deste grupo.

-**Gonzalo**: Esta estivo moi ben, gustoume bastante, ten un ritmo que atrae, especialmente no estribillo.

-**Cristina**: Esta canción neste momento é a miña preferida, encántame a voz do cantante e o ritmo é moi pegadizo.

Sara Martínez: Este estilo de música é o meu favorito e esta canción vai chegar a ser unha das miñas favoritas.

[youtube](#)

7.- Sara Trabazo (19-11-2008)

Grupo: **Bee Gees**

Álbum: **Banda sonora de Fiebre del sábado noche**

Canción: **Staying Alive**

Media das notas outorgadas á canción: **7,243**



-**Jacobo**: É unha gran canción, cun ritmo pegadizo e xenial para bailar. É moi coñecida mundialmente.:

-**Alexandra**: O que dixo Sara fai que a canción teña unha chispiña de interese, son este tipo de cancións que non pasan de moda.

-**Mar**: Busqueina en internet e gustoume, a verdade é que se afinan bastante ao meu gusto.

-**Laura**: Como xa é a 3ª canción deste tipo... o curioso que me parece que os compañeiros escollesen cancións da época dos nosos pais.

-**Ester**: A canción é moi coñecida, é moi animada e danche ganas de poñerte a bailar.

-**Sara Astor**: é moi curioso que unha canción poida chegar a salvar vidas grazas ao seu ritmo tan pegadizo e monótono.

-**Sara Martínez**. Esta canción gústame moito xa que invita a que saias á pista a bailar.

[youtube](#)

8.- Pablo Piay (26-11-08)

Grupo: **Sum 41**

Álbum: **Chuck**

Canción: **No reason**

Media das notas outorgadas á canción: **7,423**



-**Elena**: O mellor do grupo é a súa batería, o ritmo é bo e pegadizo.

-**Sara Tobío**: Coñezo o grupo de sobra pero esta canción non me soa de nada, é un rock forte.

-**Sara Trabazo**: a canción gustoume moito entre outras cousas polo seu ritmo pegadizo, ademais nunca a escoitara antes.

-**Laura**: Encántame o ritmo e sobre todo a guitarra... a batería dálle un punto que me encanta.

-**Gonzalo**: Este tema é un dos meus favoritos, escoiteina moitas veces porque me encanta e aínda máis no estribillo.

-**Bárbara**: Nunca a escoitara. Ten unha música moi forte.

-**Ruth**: Gustoume moito este grupo e a canción está moi ben aínda que...

[youtube](#)

GAÑADOR DA PRIMEIRA XEIRA DE MÚSICAS DO MUNDO 2008-2009:

Sara Astor

Grupo: **Matchbox 20**

Álbum: **Exile on main mainstream**

Canción: **How Far we've come**

Media das notas outorgadas á canción: 8,518

Premio honorífico ao último clasificado:

Jacobo Portela

Grupo: **ABBA**

Álbum: **Musical de Mamma Mia**

Canción: **Mamma Mia**

Media das notas outorgadas á canción: 6,047

